

eltiga

CASCA
CIRCOLO
DEVIDIO



Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto

Lector:

Certo día fitoume¹ unha vaca. Que coidará de min?, pensei eu; e naquel intre a vaca baixou a testa e seguiu comendo na herba. Agora xa sei que a vaca soamente dixo:

—Bo, total un home con anteollos.

E ao mellor eu non son máis que o que coidou a vaca. Velaí a ledicia de pensar que cando a miña caveira estea ao descuberto xa non poderá xulgarme ningunha vaca.

A morte non me arrepía e o mal que desexo ao meu inimigo é que viva até sobrevivirse.

Eu son dos que apertan a cara para apalpar a propia caveira e non fuxo dos cemiterios endexamais.

Tanto é así que teño un amigo enterrador nun cemiterio de cidade. Este meu amigo non é, de certo, amigo meu; é soamente un obxecto de experiencia, un coelliño de Indias. Un enterrador sabe sempre moitas cousas e cóntaas con humorismo. Un enterrador de cidade que ispe e descalza os mortos para surtir as tendas de roupa vella, ten de ser home que lle cómpre a un humorista. Un enterrador que saca boa soldada co ouro dos dentes das caveiras tiña de ser meu amigo.

Este enterrador tense por home de ben e cóntame cousas tráxicas que fan rir e cóntame cousas de rir que arrepían, e coas sorpresas da súa conversa foxen as horas sen decatarme.

Ben; o conto foi que un día collín o camiño do cemiterio e atopei ao enterrador un pouquiño non sei como, e despois de falarmos moito díxome que tiña de contarme en segredo unha cousa, sempre que eu fose home de ben e amigo leal. Eu fiquei un pouco encorado polo medo á sorpresa descoñecida e, despois de collerme polo ombreiro e arrechegarme os seus beizos podres á miña orella, díxome paseniñamente:

—Atopei uns papeis nunha caixa...! Nunha caixa que non sei de quen sería. O esqueleto tiña na caveira un ollo de vidro que me fitaba con xenreira².

E o enterrador sacou de a rentes³ do coiro uns papeis engurrados. O enterrador non sabía ler e doumos a min para que llos lese. Eran cachos de periódico, papeis de fumar... todos numerados, e no primeiro campaban estas verbas⁴: "[Memorias dun esqueleto](#)".

Aquela letra era traballosa⁵ de ler e estaba feita cun garabullo.

1 **Fitar:** Mirar fixamente.

2 **Xenreira:** Mala vontade ou mala disposición do ánimo en contra de algo ou alguén.

3 **A rentes:** Ao mesmo nivel [do que se expresa], a carón de.

4 **Verbas:** Palabras.

5 **Traballosa:** Difícil.

Cando rematei a lectura xa comezara o entre fusco e lusco⁶ e o enterrador, moi amocado⁷, xurou que se non fose por Deus íase ao esqueleto e escacháballe a caveira cun sacho.

Despedínme del e cando xa ía pola estrada, camiño da cidade, oín que me chamaba dende a porta do cemiterio.

— Oia, veña acó!

E despois quediño e moi *solermiñamente*⁸ deitouse na orella esta pregunta:

—Vostede, que é médico, non sabería onde mercan ollos de vidro?

E por catro cartos fíxenme dono do ollo de vidro e das memorias.

As memorias do esqueleto é o que ides ler. Escoitade, pois, a un home do outro mundo, pregándovos por adiantado que non me fagades solidario das súas ideas.

MEMORIAS DUN ESQUELETE

Eu nacín, medrei e fíxenme home, e un bo día enfermóuseme un ollo. Fun aos médicos e lambéronme unha manchada de cartos e no remate de contas o ollo sandar sandou, pero quedoume grolo⁹. Por aquel tempo tiña un galo tan amante que viña comer na miña man. Chamáballo [Tenorio](#).

Un día estando eu agachado cos graos de millo na cunca das mans, veuse cara min, paseniñamente, tripando a terra con aquel de señorón fidalgo. Plántase diante de min, ergue o pescozo para fitar de perto¹⁰, quizais burlonamente, aquel meu malfadado ollo grolo e, cavilando que sería cousa de manxar, axeitoume un peteirazo tan ben dirixido que me deixou torto. Agora si, os médicos, despois de lamberme outra manchada de cartos, puxéronme un ollo de vidro, tan ben imitado que bulía e todo.

A cantas mulleres engaiolei chiscándolles o ollo de vidro...!

Morrín entre cobertores como morren acotío os bos homes, e ben afeitado e ben peiteado e co meu traxe dos días de festa —que por certo levoumo o enterrador ao día seguinte de enterrarme— fun para debaixo dos terróns sen que ninguén se lembrase de quitarme o ollo de vidro.

Deitado na miña caixa de pino repousei moitísimos días, tantos que perdín a conta. Apodrecín axiña e aos poucos días de enterrado comezaron os vermes a facerme cóchegas.

6 **Fusco e lusco:** Momento do día, entre o día e a noite, en que a luz desapareceu case por completo e as cousas se perciben como sombras.

7 **Amocado:** Fastidiado.

8 **Solermiñamente:** Despacio, ao calado.

9 **Grolo s.m.** Bóla que se forma nun líquido ao callar ou cando se lle bota unha materia sólida que non se dissolve ben.

10 **Perto:** Preto, cerca.

Cómpre dicir que aquí non está permitido presentarse en sociedade con farrapos de carne fedenta apegados nos ósos, pois os esqueletos, que non ven nin comen, olen tan ben coma os vivos; así foi que namentres os vermes non manxaron a pouca freba que trouxen, non puiden erguerme.

Foi unha noite de luar cando saín da cova por primeira vez. Traballiño me custou desentoller¹¹ as pernas e cando me erguín e botei a miña cachola fóra da terra, fiquei pasmado... Aquel ollo de vidro que de nada me servira na vida sérveme agora para mirar.

Tolo de contento quitei o ollo, deille catro bicos e volvíno a pór no seu sitio.

Dun pulo brinquei da cova e fun cara ao rueiro dos esqueletos.

Os esqueletos son tan parvos coma as persoas. Abonda dicir que non pensan máis que en bailar.

Para min todos os esqueletos son o mesmo. Pásame neste mundo de ósos o que me pasaba no outro cos negros, que todos parecíanme iguais. En troques eles, entre si, coñécense moi ben. Debe ser porque eles son cegos e eu vexo.

Farto de ollar aos meus compañeiros bailando coma se fosen osos ao son da "[Danza macabra](#)" de [Saint Saëns](#), afasteime do rueiro e reparei nun esqueleto que estaba sentado nunha campa e que tiña a caveira ladeada (expresión de tristura e melancolía neste mundo). Chegueime a el e fitei como na caixa dos cadrís tiña acochado un esqueleto pequerrechiño. Axiña decateime que era un esqueleto de muller e inquirín agarimoso:

— Será vostede algunha muller das que mataron en [Oseira](#), [Nebra](#) ou [Sofán](#)?

—Non, señor, non —respondeume—. Eu morrín de tristura!

Despois reparei que nos ósos dos cadrís non tiña buraco de bala.

—Moi fonda debeu ser a tristura —díxenlle.

—Si, señor. Eu morrín namorada do home que apodrece debaixo desta pedra.

E ollando a pedra puiden ler un epitafio en verso castelán, e pendurado da cruz ollei un retrato con marco de *varilla* dourada. Era un sarxento de bigote arrichado fumando un puro con *anilla*.

Non quixen saber máis e funme deitar.

Nestes días hai moitos enterros. Non sei se haberá andazo, pois revolución non debe habela coa covardía que teñen os vivos. Quizais haxa folga de médicos, aínda

¹¹ **Desentoller** v.t. **1.** Deixar [alguén] tolleito. SIN. **balдар, eivar.** **2.** Pór [unha cousa, especialmente unha planta cultivada] en mal estado. SIN. **derramar, estragar.** // v.p. **3.** Quedar tolleito. SIN. **eivarse.** **4.** Pórse [unha cousa, especialmente unha planta cultivada] en mal estado. SIN. **derramarse, estragarse**

que non coido que os médicos poidan evitar a mortalidade.

A carón de min enterraron un, e para saír de dúbidas peteille na súa caixa.

— Hai andazo¹² na cidade?

— Eu que sei! —respondeume unha voz coma se saíse por unha boca chea de papas. (Debe ter xa podre a lingua).

— E logo vostede non sabe de que morreu?

—Eu? Eu pegueime un tiro!

Déronme ganas de rir, pero non puiden. Os esqueletos non rin a cachón. O bandullo é a fonte da gargallada e sen bandullo non pode haber gargallada.

—E logo il haberá folga de médicos?

—Non hai folga, non; pois denantes de enterrarme, dous médicos arremangados coma dous cortadores abríronme a cachola cun serrón.

Perto de min repousa un zapateiro. Contoume as súas coitas¹³ nun ton menor.

—Eu tiña unha voz de trono, unha voz que metía medo de fonda que era, e en calidade de fenómeno entrei coma baixo no orfeón¹⁴; mais de alí a pouco de entrar o director díxome que desafinaba e tiveron o callo de botarme fóra. Deus regalárame cunha gorxa e non me dera orella... Tan magoado fiquei que perdín a cor e os folgos para o traballo, desganeime, enfraquecín e púxenme a morrer. Todas as noites escoitaba os ensaios do orfeón acochadiño¹⁵ nas tebras¹⁶ da rúa, suspirando arreo coa alma doída. A tristura foi espreméndome a caixa do peito e no derradeiro ensaio do orfeón fuxiu a vida de min nun suspiro velaíño¹⁷.

O probe zapateiro morreu de saudade¹⁸.

Por matar o tempo fun ao cemiterio civil. Alí non se baila; alí todo é serio. Cando entrei funme cara a un fato¹⁹ de esqueletos que estaban escoitando a leria dunha caveira que tiña un buraco nunha sen (caveira de suicida moi século XIX). As súas verbas tíñaos a todos coa boca aberta; pero na media hora que estiven escoitándoo nin tan sequera puiden apañar unha idea. Aquel suicida tiña un só ideal: a República.

12 **Andazo** *s.m.* Epidemia benigna.

13 **Coitas** *f.* Dor moral acompañada de angustia, producida por un suceso adverso, un desengano, etc. SIN. **pena**. CF. **mágoa**.

14 **Orfeóns** *m.* Grupo ou sociedade de canto coral. SIN. **coral**².

15 **Acochadiño** *adj.m.* Agochado, escondido.

16 **Tebras** *s.f. pl.* Ausencia de luz, escuridade total ou case total.

17 **Velaíño** *adj.m* Suave, sutil, tenue, lixeiro.

18 **Saudades** *f.* V. **soidade**.

19 **Fatos** *m.* Conxunto de animais (especificamente, gando), persoas ou cousas.

Eu no mundo tamén fun un pouco republicano aínda que nunca pensei que a República fose dabondo para gobernar España.

O que máis me feriu daquela xente foi que non quixesen falar galego, sabendo que os esqueletos non poden falar ben o castelán. Non ten volta que darlle: sen gorxa non pode pronunciarse a "j" nin a "g" fortes.

Oíndolles dicir que o progreso vai cara á unidade tomei a palabra para aclarar que o progreso ía cara á harmonía e que se o progreso fose cara a esa unidade antipática, antiestética, antinatural e criminal, por riba do progreso está a perfección, e que nós, os galegos, por un desexo de perfección e por unha dignidade que xa vai sendo dignidade persoal, non debíamos consentir que na fala dos nosos avós se expresase soamente a incultura que lle debemos ao centralismo²⁰.

Naquel intre esquecín que non era home nin suxeito de dereito. Ai! Eu xa morrín e non son nada e aínda serei menos cando a terra me coma de todo. Compreendendo que era no mundo dos esqueletos, volvíñ dicir:

— Como queredes falar castelán se non tendes gorxa?

Aínda non rematara de ceibar a derradeira verba, cando un esqueleto varudo²¹ e forte, turrando por min, afastoume daquela xuntanza dicíndome:

—Vostede facer mal falar con oitocentistas²². Era un inglés que falaba galego!

Son moi amigo do inglés. Xuntos paseamos moitas veces. Onte saímos do cemiterio e fomos pola estrada falando de mil cousas; por certo que un mozo que ía tocando no acordeón un pasodobre flamengo, ao vernos, guindou co "escorrentaporcos" (así lle chamaba eu cando vivía) e fuxiu coma un lóstrego. O inglés e mais eu choutábam²³ para botar fóra a risa que tiñamos na alma.

Voltádomos ao cemiterio falamos da terra.

Moito falan da terra os vivos! Unha cousa é a terra e outra cousa é a paisaxe. Para os vivos a terra é unha cousa ben fermosa por certo, para os mortos a terra son as tebras. Eu penso que non morreríamos se a terra non precisase de nós para botar herbiñas e floriñas e lucirse a conta dos apodrecidos.

Seica foi [María Guerrero](#) quen nun intre de cursilería e para engaiolar a un fato de galegos papáns, deulle un bico a unha manchada de terra galega. Mellor fora que bicase a codia dun pino ou a tona dun carballo! A terra galega metida nunha ola é coma a terra castelá, poño por caso de comparanza. Os irmáns piñeiros e os irmáns carballos, que ha tragar a terra, eses si que son galegos.

20 **Centralismos**.*m*. Idea que representa a acumulación de poderes por parte dun goberno central.

21 **Varudo** -*aadx*. **1**. Dotado de forza física e vigor, de boa saúde, capaz de realizar grandes esforzos [persoa]. SIN. **forte, forzado, rexo, robusto, vigoroso**. **2**. Que se comporta con ánimo e valor, sen temer os perigos e as dificultades. SIN. **afouto, arriscado, valente, valoroso**.

22 **Oitocentistas**: Persoas e literato<s do século XIX.

23 **Choutar** *v.i*. Separar o corpo do chan co impulso das pernas, especialmente cando se trata de impulsos continuos, pequenos e relativamente bruscos. SIN. **brincar**. CF. **pinchar, saltar**.

Acabo de descubrir un gran defecto no inglés. O descubrimento *custoume* unha fonda pena. Parece mentira que unha alma tan ergueita e tan intelixente teña un humor tan pouco nobre.

O inglés vén buscarme case que todos os días á miña cova e, como eu son nugallán para erguerme, el entretense falando e xogando co esqueleto dun rapaciño que repousa cabo de min.

Ollade que clase de xogo entretiña ao inglés.

Dáballe un guindamazo²⁴ na caveira ao rapaz e tiráballe con ela ao chan, e despois poñíase a choutar.²⁵ O probe do esqueletiño cacheaba a tentas a caveira e despois poñíaa no seu sitio dicíndolle ao inglés:

— Que mal lle fixen eu? Estéase quedo!

O inglés prometía estarse quedo e axiña volvía a guindarlle coa caveira ao pobre esqueletiño. E así fixo moitas veces.

Eu cando tal reparei arrepxénme ao inglés, que me respondeu friamente: —Min divertirme moito. Min sentir non ser no outro mundo para doar ao rillote²⁶ unha esterlina.

Os obreiros no mundo queren as patacas baratas, os labregos queren a suba das patacas e hai homes que non viven das patacas. Aquí as patacas non son problema ningún; mais polo que fomos no mundo respectivo ás patacas, dividímonos en dúas castes²⁷.

Hai no camposanto un "pataqueiro" que morreu de fame e que hoxe ten mausoleo²⁸ de mármore. Foi home de gran merecemento na vida; mais agora é insoportábel en forza de coidar que non nacerá no mundo quen o avantaxe como poeta.

Outro esqueleto de mausoleo de mármore foi un "americano" que, farto de engaiolar aos indios no Chaco²⁹ con doas de vidro, morreu en arrecendor de santidad, deixando cartos para escolas e hospitais. O seu mausoleo ten no peruco de todo un símbolo da Caridade en figura de ama de cría. Este filántropo aínda conserva un bisoñé³⁰ que me fai choutar coa risa.

O filántropo e mais o poeta téñense moita xenreira. O filántropo di que o poeta non fixo máis que "macanas" (supoño que quererá dicir versos). O poeta di que o filántropo foi unha besta. Desas que "sobre o ben e o mal consultan simplemente o código penal".

24 **Guindamazo:** Golpe

25 **Choutar:** Brincar, saltar.

26 **Rillote:** Rapaz vagabundo; pillabán

27 **Caste:** Casta, clase, natureza

28 **Mausoleo:** Monumento funerario suntuoso

29 **Chaco:** Provincia de Arxentina

30 **Bisoñé:** perruca

O poeta non é ben asisado. Anda sempre pedindo unha caveira emprestada para recitar o monólogo de [Hamlet](#), e aínda fai outras tolerías. O filántropo non fai nin di nada que mereza contarse. Sen diñeiro ten mortas todas as súas actividades.

Agora xa sei por que o inglés me tiña tan grande estima. Xa o vexo! Pedíume emprestado o ollo; mais eu con moi aloumiñantes verbas e con moi boas razóns díxenlle que non llo emprestaba.

Debaixo dunha cruz de pau mal pintada con ferruxe, repousa un esqueleto que, segundo fala, foi tan desventurado no outro mundo como é feliz neste.

—Eu era criada de servir —contoume—. Aínda que non era bonita tiña mocidade. Un día caeume un dente e certo demo de señorito, que andaba facéndome as beiras, ofreceume cartos para que fose ao dentista. Mireime no espello e axiña comprendín canto me afeaba aquel portelo na boca, e tanto escaravellou o señorito na miña tolería moza que deixei pór o dente... Ai!, aquel dente custoume un fillo; aquel fillo custoume o creto e canto tiña de boa moza. Caín a rolos e atopeime coa morte, sen saber o que era un traxe de seda nin un grolo de champán. Fea vivín, mallada e batida; agora podo durmir.

Esta sinxela leria deixoume amaiado.

Lémbrome que sendo eu rapaz chegou meu pai da América. O probe non trouxo máis que uns borceguíns vellos e un tarro mediado de bicarbonato; viña enfermo e morreu axiña.

Sempre chorei o fracaso de meu pai que, na miña admiración de fillo, tíveno polo máis bo, arriscado, intelixente e forte do mundo enteiro. Aquelas terras lonxincuas que zugaron a vida do meu pai foron arreo maldicidas por min. Meu pai era digno de volver san e millonario.

Onte no rueiro falábamnos das nosas vidas e cheguei a vez de contar a miña. Aínda non rematara de contala, cando un esqueleto, deses esqueletos que parecen parvos, ergueuse coma un lóstrego e deume tan forte aperta que me rompeu unha costela.

Era meu pai!

Con certo esqueleto que trouxo na cachola unha biblioteca enteira falo de moitas cousas e de todas sabe moito o meu amigo. De todas sabe moito, menos do que é o humorismo.

Cando chegamos nas nosas conversas a tal punto, o meu amigo fai catro ou cinco funambulismos³¹ filosóficos, estuda o humorismo dos grandes humoristas, foxen as

horas e no remate de contas ficamos sen saber migalla do asunto. Ás veces parece que vai chegar á definición e de súpeto enguedella³² máis o fío.

Un esqueleto ten de ser humorista e un esqueleto galego moito máis aínda. Un galego é sempre socarrón³³ ou humorista e a socarronería é o humorismo dos incultos, así como o humorismo é a socarronería dos cultos. Un esqueleto galego que trouxo unha biblioteca na cachola debía definir o humorismo e non o define e segundo di non houbo ninguén que o definise aínda.

Eu, que non trouxen máis de tres ou catro libros na cachola, póñoille exemplos coma estes:

—Un rapaciño pequerrechiño escacha unha botella de aceite nas pedras da rúa e o pobriño chora. Un home gordo dende a porta dunha tenda olla ao rapaz e rise. Cal das dúas figuras lle interesa máis ao humorista?

—Pola porta dunha igrexa saen dous noivos acabados de se casaren. A noiva —malpocada³⁴!— non pode tapar o que leva de sete meses. Na porta da igrexa hai moita xente. Unha muller gorda abanea o bandullo coa risa. Un home, que ten un libro debaixo do brazo, olla sereno a escena. Unha muller do pobo pon a cara doída. Outra muller, tamén do pobo, engurra o nariz e rosma polo baixo verba³⁵ coma esta: senvergonza! Quen dista xente é humorista?

—Un médico cachea o bacilo³⁶ de Koch no esputo dun seu amigo e de súpeto ergue a testa, respira forte, acariña o microscopio e di suspirando: "Atopeino!". Pode ser humorista este home?

—Vestir un rapaciño de toureiro ou de militar no Entroido, pode ser humorismo?

—Direille... direille —contesta sempre o sabio esqueleto—. E non me di nada.

Eu ben podía escribir algo da Santa Compañía; mais o pobo galego ficaría sen un misterio nas longas noites do inverno, cando o maxín³⁷ ferve na cachola coma o caldo no pote. Non; eu calarei coma unha estoa.

O que "anda" cos mortos que perda a cor das meixelas, que enfraqueza e que morra. A Santa Compañía fai falla nas cociñas mornas ao redor da lareira, cando zoa³⁸ o vento nas tebras da noite.

Hoxe meu pai, cun lagarto apreixado nas mans, faloume deste xeito:

—Teño de ir ao San Andrés de Teixido para cumprir unha oferta que fixen e non cumprín en vida. A miña alma ten de encarnar neste lagarto e moito tempo tardarei en volver. Recomendóche que teñas conta da miña cova e que de vez en

31 **Funambulismo:** Habilidade para desenvolverse ventaxosamente entre diversas tendencias ou opinións opostas, especialmente na política.

32 **Enguedella:** Envolver de maneira desordenada formando unha lea difícil de desfacer.

33 **Socarrón:** Persoa que ue obra con socarronería.

34 **Malpocada:** Persoa con pouca sorte, infeliz.

35 **Verba:** Palabra.

36 **Bacilo:** Bacteria de forma cilíndrica alargada, coma a dun pequeno bastón.

37 **Maxín:** Imaxinación.

38 **Zoa:** Soar.

cando botes unha ollada ao meu esqueleto, pois teño un veciño coxo e pode roubarme unha perna.

Quixera estar soterrado nun cemiterio aldeán, no adro³⁹ da igrexa... Con que ledicia escoitaría nas mañás ledas do domingo as conversas dos fregueses! Neste cemiterio de cidade as xentes non veñen máis que a falar dos mortos, e cantas parvadas din...!

Logo, meus compañeiros, afeitos ás regalías do outro mundo ou fracasados na vida, non fan máis que laiarense⁴⁰ polo que perderon ou polo que non conseguiron.

Dende hai tempo veño reparando que un home de carne e óso sae dunha cova, gabea pola parede do cemiterio e foxe cara á cidade. De alí a dúas ou tres horas volta para o cemiterio ensumíndose nun dicir amén debaixo da terra. A primeira vez que tal reparei non quería dar creto ao meu ollo; mais o caso repetiuse moitas veces arreo.

Unha noite púxenme ao axexo agardando que xurdise da terra e fun detrás del. Correr corría o condenado; mais eu, escorréndome polas sombras dos muros, non quitei o ollo de enriba del. Chegou ao burgo máis pobre da cidade e parouse diante dunha choza entrando despois nela por unha regaña da porta. Eu rubín ao tellado e saltei á horta que daba detrás da choza, e por un burraquiño puiden fitar⁴¹ a escena máis arrepiante que puidera imaxinarse. Unha lampadiña de aceite alumeaba mornamente a cariña fraca e encoveirada dunha rapaza que durmía nun leito misérrimo. A pantasma chegouse a ela e estivo unha chea de tempo cos beizos pousados no pescozo da rapaza.

Cando se ergueu tiña a boca ourelada de roxo, mentres no pescozo da rapaza corría un fío de sangue e na pel da súa cariña fraca arrufiaba a brancura da morte.

Aquela pantasma era un vampiro.

No seguinte día a pantasma chuchou o derradeiro sangue que podía dar a pobre rapaza. Cando aínda estaba quente a derradeira badalada das doce horas no campanario da igrexa, ouvearon os cans ventando a morte.

O vampiro seguiu chuchando o sangue de máis vítimas, que ían morrendo coma as lámpadas de aceite chuchadas polos morcegos.

Quixen saber quen fora o vampiro no mundo dos homes e fun ler o seu nome de bronce no rico mármore da campa. O nome só abondoume: fora un canalla que roubaba para dar regalía⁴² ao seu bandullo de porco; dono da xustiza, roubaba dende a súa confortábel casa. Para que dicir máis? Era... era un cacique⁴³!

39 **Adro:** Espazo, aberto ou pechado, que se atopa diante do portal dunha igrexa.

40 **Laiarse:** Queixarse

41 **Fitar:** Mirar fixamente.

42 **Regalia:** Satisfacción.

43 **Cacique:** Persoa que, amparándose nunha situación social, profesional etc., de privilexio, exerce ou controla o poder político para concederlles favores aos seus protexidos ou a quen se somete á súa autoridade e actuar por vinganza contra quen non o fai.

Eu quería atopar maneira de darlle morte ao vampiro. Busca por aquí, cachea por acolá... non puiden abranguer nos currunchos do maxín unha boa norma para matalo, e quixen falar co esqueleto que trouxo unha biblioteca na cachola para ver se me daba luces a súa conversa.

—No vampirismo cren moitos pobos e hai moitas probas xudiciais de aparicións de pantasmas que chuchaban sangue de persoas; mais eu coido que non debe dársele creto a semellantes contos. Fuxiron os tempos en que o verdugo queimaba os cadáveres sospeitosos de vampirismo e hoxe non se permitiría en ningures espetar unha estaca no corazón dun cadáver.

O meu amigo, cheo de ciencia oficial, moqueábase⁴⁴ das xentes sinxelas que cren nos vampiros. Eu gardei o meu segredo para non pasar por parvo e seguíñ preguntando solerminamente:

—E hai sabios no mundo que cren no vampirismo?

—Hainos. A fundadora da Teosofía fala diso e conta moitos feitos. Se mal non me lembro acolle a explicación do fenómeno por causas físicas. Cando un morto aparente estivo moi apegado á materia e foi na vida un malvado, o corpo astral, envolto no dobre etéreo, sae da sepultura con obxecto de manter ao corpo físico con sangue que chucha nas persoas vivas, e desta maneira perpetúase o estado cataléptico⁴⁵ do soterrado. O corpo astral comunica o sangue dun xeito aínda descoñecido; mais agardan que calquera día sexa explicado polas ciencias psicolóxicas.

— E vostede nin tan sequera ten dúbidas?

—Eu, que son home ben asisado, non creo; aínda que, de certo, fanme cavilar certas cousas, como son as mortes aparentes e o feito de se teren atopado cadáveres que aínda tiñan as carnes moles, os ollos abertos, o coiro sonrosado, a boca e o nariz cheos de sangue fresco, que tamén xurdía das feridas que, por asasinato ou por axustizamento, lles produciran a morte. Tal contan vellos documentos.

— E de que maneira podería dársele morte ao vampiro?

—Pois... para arredar o corpo astral do físico non hai outro remedio que queimar o cadáver.

Non quixen saber máis. Afasteime da miña biblioteca e fun pensando para os meus adentros: "Vampiros hainos; pois logo, polo si ou polo non, debían queimarse a todos os caciques. Os caciques son capaces de facérense os mortos para seguir vivindo a conta dos malpocados".

FIN

⁴⁴ **Moqueábase:** Mofarse.

⁴⁵ **Cataléptico:** Relativo á Trastorno nervioso que se caracteriza pola perda de sensibilidade e de contractilidade voluntaria dos músculos.

Lector:

Xa que liches as memorias do esqueleto soterrado nun cemiterio de cidade e xa que te regalaches aprendendo cousas do Alén que non sabías, ben podes escoitarme un anaquiño a min e para rematar axiña.

Unha cousa que fixen con premeditación e nocturnidade podería levarme á cadea habendo testigos; mais eu asegúroche que non foi por mal. Atende.

Co ollo de vidro mercado ao enterrador de cidade pillei o camiño da parroquia de Tal e alí, no adro da igrexa e axudado por un home valente, pasada medianoite, abríñ a sepultura onde repousa para sempre xamais un amigo meu. Medo papeino!

O meu amigo foi rapaz de grande intelixencia e dun espírito superior a toda loanza. Estudamos xuntos na vella Compostela e a gripe escamoteouno da miña vista. Como derradeira proba de fonda amizade quixen facerlle regalo do ollo de vidro. Despois de todo eu non o quería para nada...!

Abrimos a tapa da caixa ben amodiño para non escangallar o esqueleto. Ouh, lector: meu amigo conservaba o seu traxe e os seus zapatos novos, proba de que o enterrador de aldea é mellor cristián que o seu colega da cidade.

Na cunca dereita da súa caveira pousei o ollo de vidro, enriba das súas mans pousei un bloque de papel mais un lapis. E arrechegándome ao buraco do ouvido, díxenlle así:

—Querido Pedro: Velaí che deixo un ollo de vidro para que vexas, papel e lapis para que escribas. Serás o rei neste cemiterio; mais eu prégoche que non te fagas cacique. Pasados algúns meses virei recoller canto ti escribas. Perdóame, amantiño, que non che dea un bico. Adeus e deica logo.

Se canto escriba o meu amigo é digno de interese asegúroche que será publicado para que compares e vexas que non é o mesmo ser soterrado no adro dunha igrexa que nun cemiterio de cidade.

Regálate como poidas, lector, e non che digo máis.

Alfonso R. Castelao

